

Ref.-AEG/axps
957/17

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A EMPRESA “UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.” PARA A REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS PARA A AMPLIACIÓN DE POTENCIA E SUBMINISTRO DUPLICADO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989 e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Investimentos é a unidade administrativa encargada de xestionar, con carácter xeral, a dirección, coordinación e execución dos programas de investimentos aprobados, referidos a obras, instalacións e equipamento de centros asistenciais e administrativos do Servizo Galego de Saúde.

Ao abeiro do artigo 25 do Real Decreto 1048/2013, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica, establécese que para atender as solicitudes de novas subministracións ou ampliación dos existentes, con base nas condicións técnicas e económicas ás que se refire ao artigo 21. 1 b) do citado real decreto, o custo será de conta dos seus solicitantes, segundo o disposto no artigo 25.1 por ser unha ampliación de potencia de mais de 250 kw. en alta tensión, sen que proceda o cobro de dereitos extensión. Unha vez efectuada a solicitude, o distribuidor deberá presentar ao solicitante e, no caso de habelo, tamén ao representante acreditado do mesmo, nos prazos establecidos no artigo 103 do Real Decreto 1955/ 2000, do 1 de decembro, un prego de condicións técnicas e un orzamento económico en documentos e envíos separados, coa desagregación que se establece no artigo 25.3.a) e 25.3.b) do referido Real Decreto 1048/2013.

Motivado pola ampliación de Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (en diante CHUO), por parte do Servizo Galego de Saúde solicitouse, en data 27/01/2016, un aumento de potencia da subministración de enerxía eléctrica con CUPS ES0022000004981098PK1P correspondente ao devandito Complexo, pasando de 2.200 kW actuais a 5.000 kW, e un subministro duplicado.

O Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar, o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura e manterase vixente por un período de dous anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A realización das actuacións necesarias para ampliar a potencia de enerxía eléctrica ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, que terá lugar en dúas fases:

SEGUNDA.- Os importes e os conceptos de ambos os dous expedientes son os seguintes:

A) Expediente 1ª Fase (s/ref.: EXP248416010153), por importe de 385.463,09 € (318.564,54 € mais 66.898,55 € correspondente co IVE do 21%): modificación dos centros de seccionamento que dan servizo ao Hospital na actualidade, liberación de centros de transformación alleos ao Hospital da liña principal de subministro. Este expediente corresponde aos traballos de reforzo necesarios para atender de maneira provisional a ampliación de potencia a 5.000 kW solicitada para o subministro principal.

B) Expediente 2ª Fase (s/ref.: EXP248416010158), por importe estimado de 958.350,00 € (792.024,79 € mais 166.325,21 € correspondente co IVE do 21%): realización dos traballos asociados á execución da liña VELLE 5 desde CR HOSPITAL e CR RAIRO e que permitirán garantir de forma definitiva os 5.000 kW, así como a constitución do subministro duplicado.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Como xa temos indicado anteriormente, o artigo 25 do Real Decreto 1048/2013, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica, establécese que para atender as solicitudes de novas subministracións ou ampliación dos existentes, con base nas condicións técnicas e económicas ás que se refire ao artigo 21. 1 b) do citado real decreto, o custo será de conta dos seus solicitantes, segundo o disposto no artigo 25.1 por ser unha ampliación de potencia de mais de 250 kw. en alta tensión, sen que proceda o cobro de dereitos extensión.

Unha vez efectuada a solicitude, o distribuidor deberá presentar ao solicitante e, no caso de habelo, tamén ao representante acreditado do mesmo, nos prazos establecidos no artigo 103 do Real Decreto 1955/ 2000, do 1 de decembro, un prego de condicións técnicas e un orzamento económico en documentos e envíos separados, coa desagregación que se establece no artigo 25.3.a) e 25.3.b) do referido Real Decreto 1048/2013.

Que os intereses converxentes das partes asinantes non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo.